

**M O S****ANUNCIO DE LICITACION**

Na Xunta Local de Goberno de data 06.03.2012, aprobáronse as bases reguladoras da concesión demanial para uso privativo de sepulturas baleiras no cemiterio municipal de Torroso, expónse ao público durante 8 días seguintes ao da publicación do presente anuncio para a presentación de reclamacións, en maior garantía dos interesados.

Simultaneamente anúnciase a licitación que se aprazará canto resulte necesario de presentarse reclamacións as bases e ser admitidas.

1. Entidade Adxudicadora. Concello de Mos.
2. Obxecto da concesión: Nichos nº 192 e do 220 ao 279 no bloque K, do cemiterio de Torroso
3. Tramitación: Ordinario.Procedemento: Aberto..
4. Tipo licitación: 850 euros, ao que se lle engadirá o IVE de 153 €.
5. Criterios para a selección: Segundo dispón a cláusula 7ª das bases.
6. Garantías.Provisoria: 2% do tipo de licitación.Definitiva: 5% do importe da adxudicación.
6. Obtención de información e documentación: a través da páxina web do Concello: <http://www.concellomos.es/> e no Concello de Mos. R/ Reguengo 1, Petelos. 36416. Mos. Pontevedra. Teléfono: 986331200, Telefax: 986336618. Data límite de obtención de documentos e información: Ata o último día de prazo para á presentación de ofertas, este incluído.
7. Requisitos xerais do concesionario: fixado na cláusula 3ª das Bases.
8. Presentación de proposicións:
 - a) Prazo e lugar: No Concello de Mos (Pontevedra) durante os 30 días hábiles desde o seguinte ó de publicación do presente anuncio no boletín. De 9.00 á 14.00 de Luns a Venres, de 9.00 a 13.00 h. os Sábados, no Rexistro Xeral do Concello ou da forma sinalada na cláusula 6ª das bases.
 - b) Documentación a presentar: As proposicións constarán de 2 sobres pechados, A e B, denominados de "Documentación Xeral" e "Documentación específica para a concesión", coas inscricións e contendo a documentación que se sinala na da base 6ª das bases.
9. Apertura das ofertas: Na Casa do Concello de Mos, o 6º día hábil seguinte ó de finalización do prazo para a presentación de proposicións (a efectos da apertura, o Sábado considerárase inhábil).
10. Modelo de proposición contido nas bases reguladoras.

Mos, 7 de marzo de 2012. — A Alcaldesa, Nidia Mª Arévalo Gómez.

2012003005

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19-12-11 acordou:

Aprobar a subida das tarifas de auga e depuración no IPC dende agosto de 2009 a agosto de 2.011, (isto é un 4,8%), según detaie:

-TAXA DE AUGA**USOS DOMÉSTICOS**

Mínimo ata 15 m3/mes:.....	0,368 €/m ³
De 15 a 20 m3/mes	0,401 €/m ³
Máis de 20 m3/mes:.....	0,435 €/m ³

**USOS COMERCIAIS**Mínimo ata 15 m³/mes:..... 0,401 €/m³Máis de 15 m³/mes:..... 0,423 €/m³**USOS INDUSTRIAIS E OBRAS**Mínimo ata 15 m³/mes:..... 0,435 €/m³Máis de 15 m³/mes:..... 0,512 €/m³**CONSERVACIÓN DE CONTADORES**

Cota por contador abonado/mes..... 0,212 €/ab.mes

OUTRAS TAXAS

Taxa de reapertura do subministro por corte de auga..... 40,91 €

Cota de conexión a rede de auga, por vivenda 180,30 €

*-Taxa do Servicio de Depuración de Augas Residuais***USOS DOMÉSTICOS**Mínimo ata 15 m³/mes:..... 0,222 €/m³De 15 a 20 m³/mes 0,245 €/m³Máis de 20 m³/mes:..... 0,256 €/m³**USOS COMERCIAIS**Mínimo ata 15 m³/mes:..... 0,222 €/m³Máis de 15 m³/mes:..... 0,245 €/m³**USOS INDUSTRIAIS E OBRAS**Mínimo ata 15 m³/mes:..... 0,222 €/m³Máis de 15 m³/mes:..... 0,245 €/m³**OUTRAS TAXAS**

Cota de conexión a rede de sumidoiros, por vivenda 180,30 €

O expediente sométese a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP.No suposto de formularse reclamacións serán resoltas polo Organo competente;de non formularse reclamacións o acordo da presente modificación de taxas quedará elevado a definitivo.-

Ponteareas, 20 de marzo de 2012.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2012002951

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal , no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, feito do que obra constancia no expediente, cítase aos interesados, que a continuación se relacionan, para ser notificados por comparecencia, téndose que efectuar perante o Concello de Redondela, negociado de Urbanimos (horario de luns a venres de 9:00 a 14:00) no prazo de 10 días contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra e transcorrido o indicado prazo a notificación entenderase producida